

## **SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

### **PERMANENTES DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2010**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de abril de 2010, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 2 de febreiro de 2010.

#### **A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego**

Asistentes:

- |                           |   |
|---------------------------|---|
| Presidente:               | • Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE   |
| PSdeG-PSOE:               | • Dona Carmen Tato Lago<br>• Dona Mª Ángeles Míguez Mouzo   |
| PP:                       | • Don Felipe Andreu Barallobre<br>• Dona Mª Jesús Vieites Mariñas, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez<br>• Don Santiago Manuel Ríos Rama |
| BNG:                      | • Don Antón Otero Domínguez<br>• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo  |
| EU-IU:                    | • Don Juan Antonio Fernández López  |
| GM (PG):                  | • Don Manuel Marante Gómez  |
| Concelleira non adscrita: | • Dona Mª Beatriz Ramos Padín   |

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior

Asistentes:

- |                           |   |
|---------------------------|---|
| Presidenta:               | • Dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE  |
| PSdeG-PSOE:               | • Don Jaime Manuel López Lisnier<br>• Don José Francisco Parceró Rial   |
| PP:                       | • Don Felipe Andreu Barallobre<br>• Dona M <sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez<br>• Don Santiago Manuel Ríos Rama |
| BNG:                      | • Dona Laura Fernández Martínez<br>• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo  |
| EU-IU:                    | • Don Juan Antonio Fernández López  |
| GM (PG):                  | • Don Manuel Marante Gómez  |
| Concelleira non adscrita: | • Dona M <sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín   |

C) Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación

Asistentes:

- |             |   |
|-------------|---|
| Presidente: | • Don José Francisco Parceró Rial, do PSdeG-PSOE  |
| PSdeG-PSOE: | • Dona Erundina Prado Arcay<br>• Don Jaime Manuel López Lisnier   |
| PP:         | • Dona Goretti Pérez Eléxpuru<br>• Dona M <sup>a</sup> Jesús González Roel<br>• Dona M <sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas |
| BNG:        | • Dona Gumersinda Becerra Montes<br>• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo   |

- EU-IU: • Don Luis Miguel Taibo Casás
- GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez
- Concelleira non adscrita: • Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín

Asiste, para efectos informativos, don Emilio Martínez Cubero, xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

#### D) Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá

Asistentes:

- Alcalde-Presidente: • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE
- PSdeG-PSOE: • Don Jaime Manuel López Lisnier  
• Dona Carmen Tato Lago
- PP: • Don Santiago Manuel Ríos Rama, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez  
• Don Felipe Andreu Barallobre  
• Dona Goretti Pérez Eléxpuru
- BNG: • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo  
• Don Antón Otero Domínguez
- EU-IU: • Don Luis Miguel Taibo Casás
- GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez
- Concelleira non adscrita: • Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín

#### E) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

Asistentes:

- Presidente: • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG

PSdeG-PSOE:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dona Carmen Tato Lago</li> <li>• Dona Erundina Prado Arcay</li> <li>• Dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo</li> </ul>
PP:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Don Santiago Manuel Ríos Rama</li> <li>• Dona Goretti Pérez Eléxpuru, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez</li> <li>• Don Felipe Andreu Barallobre</li> </ul>
BNG:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dona Gumersinda Becerra Montes</li> </ul>
EU-IU:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Don Luis Miguel Taibo Casás</li> </ul>
GM (PG):	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Don Manuel Marante Gómez</li> </ul>
Concelleira non adscrita:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín</li> </ul>

F) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo

Asistentes:

Presidenta:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dona Laura Fernández Martínez, do BNG</li> </ul>
PSdeG-PSOE:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Don José Francisco Parceró Rial</li> <li>• Dona Erundina Prado Arcay</li> <li>• Dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo</li> </ul>
PP:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas</li> <li>• Dona Goretti Pérez Eléxpuru</li> <li>• Don José Antonio Baamonde López</li> </ul>
BNG:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Don Antón Otero Domínguez</li> </ul>
EU-IU:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Don Juan Antonio Fernández López</li> </ul>
GM (PG):	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Don Manuel Marante Gómez</li> </ul>
Concelleira non adscrita:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín</li> </ul>

Asiste, como secretaria, dona Verónica María Otero López, secretaria accidental da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, EDUCACIÓN,  
DEPORTES, PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO**

**1º Aprobacion, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010 e sesión extraordinaria do día 12 de abril de 2010**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010 e sesión extraordinaria do día 12 de abril de 2010.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos once concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

**2º Comparecencia e solicitude á Excm. Deputación provincial da Coruña de que o Servizo de Asistencia Xurídica a Municipios se faga cargo da defensa xudicial no recurso contencioso-administrativo número 0015110/2010**

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de abril de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros do PP, os dous concelleiros do BNG, o concelleiro de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A comisión, por unanimidade dos once concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos a adoptar ao pleno da corporación:

Primeiro: Comparecer no procedemento citado, procedemento ordinario 0015110/2010, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do contencioso administrativo sección 4 da Coruña, exercitando este Concello a súa defensa como parte demandada,

encomendando tal defensa e representación ao letrado-asesor xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña don Ramón Valentín López Rey, ou calquera outro letrado adscrito á dita Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

Segundo: Facultar ao señor Alcalde para levar a cabo cantos actos sexan necesarios en orde á execución deste acordo.

Terceiro: Comunicar a presente designación ao letrado mencionado e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.

Cuarto: Remitir o expediente administrativo referido ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do contencioso administrativo, Sección 4 da Coruña. Notificar o presente acordo de remisión do expediente á Excma. Deputación Provincial da Coruña.

### **3º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre durante 2010**

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de abril de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os tres concelleiros do PP e a concelleira non adscrita.

A comisión, por sete votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos a adoptar ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2010, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2010, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlle publicidade aos mesmos mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

#### **4º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2010**

Vista a proposta de Alcaldía de data 13 de abril de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de EU-IU, e abstéñense os tres concelleiros do PP, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A comisión, por seis votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos a adoptar ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2010, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do Concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas bases.

#### **5º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, SANIDADE, PERSOAL E**

#### **RÉXIME INTERIOR**

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010 e sesión extraordinaria do día 13 de abril de 2010**

A Sra. presidenta pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010 e sesión extraordinaria do día 13 de abril de 2010.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos once concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

## **2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPORTES, MOBILIDADE, PATRIMONIO, CULTURA E CONTRATACIÓN**

### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos once concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2010**

Vista a proposta de Alcaldía de data 13 de abril de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de EU-IU, e abstéñense os tres concelleiros do PP, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A comisión, por seis votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos a adoptar ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2010, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do Concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas bases.

### **3º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGURIDADE CIDADÁ**

### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos once concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º Cesión gratuíta dunha parcela á Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, para a construción dun centro de saúde**

Vista a proposta de Alcaldía de data 23 de abril de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros do PP, os dous concelleiros do BNG, o concelleiro de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A comisión, por unanimidade dos once concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos a adoptar ao pleno da corporación:

Primeiro: Cualificar como ben patrimonial a parcela de propiedade municipal de 47 m<sup>2</sup> sita no Temple, que linda ao norte coa parcela de equipamento público, ao leste coa parcela de equipamento público, ao sur co resto de finca matriz ( rúa Francisco Añón ) e ao oeste coa parcela de equipamento público, inscrita a nome do Concello de Cambre no Rexistro da Propiedade número 5 da Coruña no libro 492, folio 129, finca 34433, e que está cualificada como solo de equipamento de interese público e social.

Segundo: Ceder gratuitamente a finca agrupada de 1291,67m<sup>2</sup> que linda: norte, coa vía peonil; sur, coa rúa Francisco Añón; leste, coa prolongación da rúa Abeleira; e oeste, con terreno propiedade do concello.

Terceiro: Expoñer o expediente a información pública polo prazo de quince días no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para os efectos de presentar alegacións, isto de conformidade co artigo 110.1.f) do Real decreto 1.372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais. No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo adoptado.

### **3º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos once concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

## **2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, IGUALDADE E**

### **TURISMO**

#### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010**

A Sra. presidenta pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2010.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos once concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

## **2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e quince minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento

orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria accidental dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de  
Economía, Facenda, Educación,  
Deportes, Promoción Económica e  
Emprego

Presidenta da Comisión Informativa de  
Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e  
Réxime Interior

Jaime Manuel López Lisnier

Carmen Tato Lago

Presidente da Comisión Informativa de  
Transportes, Mobilidade, Patrimonio,  
Cultura e Contratación

Presidente da Comisión Informativa  
de Urbanismo e  
Seguridade Cidadá

José Francisco Parcero Rial

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de  
Medio Ambiente, Obras e Servizos

Presidenta da Comisión Informativa de  
Participación Cidadá, Igualdade e  
Turismo

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Laura Fernández Martínez

A secretaria accidental

Verónica María Otero López